

# UMBRACLE

Pere Portabella, 1972

# 1301

ESTREA EN NUMAX: 30.05.2024 | V.O. | 85 min

Portabella fai deambular a Christopher Lee por unha Barcelona de ilusión nunha película que se articula sobre dous eixos fundamentais: a indagación sobre os modos de representación cinematográficos e a imaxe crítica da España franquista.

Umbracle componse de fragmentos (algúns de arquivo) que resoan, máis que progresan, por encadeamentos insólitos, con escenas de dejá vu que sempre prometen algo máis, pero permanecen tensamente inacabadas.



## Entrevista con Pere Portabella: «O instinto de transgresión é fundamental na vida»

Por Fran G. Matute

**Como foi traballar con Christopher Lee en *Umbracle*?** Christopher Lee era en primeiro lugar moi bo actor, moi da escola inglesa. Comigo tivo unha relación espléndida desde o momento en que se decatou do que pretendía facer con el. Enseguida entendín que aínda que non sabía moi ben por onde ía eu apetecíalle enormemente que o utilizase fóra daquel rol do que estaba en verdade ata as orellas. Cando *Umbracle* se estreou no National Center de Londres, el foi para ver a reacción da xente. Tivo unha ovación espectacular, porque hai un momento na película en que recita «O corvo» de Poe, e a reacción que tivo o público con ese momento foi para el moi emocionante. Escribume unha carta de agradecemento que aínda gardo. Christopher nunca deixou de ser o actor que todos esperaban que fóra, pero aquela experiencia foi para el moi importante.

Hai que ter en conta que momentos así de transgresión pódennos mellorar ou empeorar a situación, pero ter o instinto de acometelos é fundamental. Arriscar na vida pode cambiarche o rumbo da mesma, igual que se te blindas, se o único polo que loitas é por que non te quiten do teu camiño, pode levarte ao desastre. Iso entendeuno moi ben Christopher Lee.

**En *Umbracle* hai unha serie de fragmentos no que diversos personaxes da Escola de Cinema de Barcelona, como Román Gubern ou Joaquim Jordà, falan da censura da época, tamén das relacións entre o cinema underground e o oficial. Son fragmentos que hoxe soan case a manifestos.** Eles eran os teóricos do grupo e eran tamén amigos meus. Eu necesitaba para a película unha presenza que fixese as veces de contrapunto na historia, porque eu no meu cinema utilizo moito os cortes. Neste sentido, necesitaba que eles formasen parte do relato coas súas miradas críticas, e prestáronse todos moi ben a facelo. Xurdiu de aí un retrato psicolóxico seu de maneira moi natural. Non era algo habitual que nunha película saísen os críticos. No mundo do cinema de masas, os críticos acabáronse convertendo, segundo o éxito que tivesen, en persoas que son como as únicas que saben de cinema. Convertéronse en comisarios, que controlan e centralizan o produto, que o sitúan en tal ou cal sitio, polo que terminaron traballando para multinacionais, controlando as opinións. Convertéronse en produtos tamén.

### **Interesábanche entón os discursos teóricos sobre a linguaxe cinematográfica?**

Non, para nada. Eu xa tiña demasiado traballo comigo como para... [risas]. Ademais, un non di: «Vou ler sobre isto para decatarme de que vai». É ao revés. Un ten que estar en marcha, co esencial aprendido, non digo que non, pero un ten que poñerse a facer as cousas por paixón, para crecer, pero nunca en función do que leses previamente.

**En *Umbracle* hai outro fragmento sumamente impactante: o da película *El frente infinito* (1959) de Pedro Lazaga.** É que é unha película franquista espléndida, moi ben feita. Ao incluíla en *Umbracle*, conceptualmente, mellora a través do estrañamento que xera no que mira. Prodúcese aí unha revisión increíble, porque eu podía facer unha pantomima daquela escena e con todo decido deixala tal cal. Ese cura dando a misa no medio do bombardeo... O fragmento é unha marabilla, ofrece un retrato moi claro do que era a ditadura.



Na librería  
**NUMAX**  
numax.org/librería

*Viaje de ida,*  
Román Gubern.  
Anagrama, 2016

*El cuervo y otros textos  
poéticos,*  
Edgar Allan Poe.  
Penguin Clásicos, 2020

*Impugnar las normas,*  
Pere Portabella.  
Galaxia Gutenberg, 2024